



ESTADÍSTICA

Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA FACE-LA INSCRICIÓN OU MODIFICACIÓN NO
PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
(BOE NÚM. 71 DO 24 DE MARZO DE 2015)**

- FOLLA PADROAL CUMPRIMENTADA E ASINADA.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA IDENTIDADE:
 - **ESPAÑOIS:**
 - DNI (obrigatorio para maiores de 14 anos) ou Libro de Familia ou Certificado de Nacemento para menores de 14 anos sen D.N.I.
 - **ESTRANXEIROS**
 - A) **Maiores de idade, menores nados no estranxeiro e menores nados en España con máis de 3 meses:**
 - Cidadáns de Estados membros da Unión Europea, Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suiza: Certificado de Rexistro de Cidadán da unión, no que consta o Número de Identidade de Estranxeiro (NIE), xunto co documento acreditativo da identidade ou pasaporte expedido polas autoridades do seu país.
 - Resto: Tarxeta de identidade de estranxeiro expedida polas autoridades españolas, na que consta o NIE ou, no seu defecto, pasaporte expedido polas autoridades dou seu país.
 - B) **Menores nados en España con menos de 3 meses:**
 - Libro de Familia ou Certificado de Nacemento expedido polas autoridades españolas, en caso de que non teñan un documento de identificación.
- OS DOCUMENTOS DE IDENTIFICACIÓN DEBEN ESTAR EN VIGOR.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN DE MENORES E INCAPACITADOS:
 - **MENORES NON EMANCIPADOS:**
 - Libro de Familia ou Certificado de Nacemento (nos casos de separación ou divorcio, a resolución xudicial que acredite a súa garda e custodia).

Cando se solicite a inscrición dun menor cun só dos seus proxenitores deberá presentarse a autorización do outro para o empadroamento ou, no seu defecto, declaración responsable asinada polo que realiza a inscrición de ter a garda e custodia do menor e capacidade legal suficiente para facela.
 - **INCAPACITADOS:** Resolución xudicial que acredite a representación legal.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO DOMICILIO:
 - Título de propiedade (escritura, contrato de compraventa, Nota do Rexistro, recibos da luz, auga, IBI ou teléfono fixo.).
 - Contrato vixente de aluguer de vivenda para uso de residencia habitual, xunto co último recibo do aluguer.

OLLO!! Cando na vivenda figuren outras persoas empadroadas deberá autorizarse o novo empadroamento pola persoa de maior idade inscrita e que dispoña do título acreditativo da posesión efectiva da vivenda (escritura, contrato de compraventa, Nota do Rexistro, recibos da luz, auga, IBI ou teléfono fixo ou contrato de aluguer.) a nome da mesma.